



**RIBEIRA SACRA**  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA  
11 julio 2024

## **Joaquín Hidalgo Visita a Ribeira Sacra: Un Encontro coa Historia e Diversidade do Viño Galego**

Joaquín Hidalgo, destacado crítico de viños e editor para Sudamérica e España en Vinous.com, visitou a Ribeira Sacra esta semana, explorando viñedos e adegas. Tamén asistiu ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra onde realizou unha cata. Durante a súa visita, Hidalgo tivo a oportunidade de probar os viños da rexión e compartir as súas impresións sobre esta histórica zona vinícola.

Nunha entrevista realizada no Consello Regulador, Hidalgo expresou a súa admiración pola riqueza histórica e a diversidade da Ribeira Sacra. Resaltou o valor das variedades de cepas históricas da rexión, comentando: “Esta é unha rexión que ten moita historia como para acoutar o seu rexistro varietal. Apostar por un corazón de mencia e outras variedades que completen parece unha moi boa idea. E despois, se queres, podes completar con outras variedades, como viños cen por cento brancellao, que é o que a min me sorprende en termos de estilo de viño e dálle outra profundidade, ábreche outras propostas”.

Con unha sólida formación en Enoloxía e Xornalismo, Joaquín Hidalgo combina o seu coñecemento técnico cunha paixón pola comunicación. Residente en Bos Aires, Hidalgo escribe sobre viño e gastronomía para varios medios e é co fundador de vinomanos.com, a primeira guía móbil de viños arxentinos. A súa colaboración en Vinous.com, unha das publicacións de viños máis influentes e respectadas a nivel mundial, permítelle proporcionar reseñas e novas sobre os lanzamentos das principais rexións vinícolas do mundo.

Hidalgo destacou a diversidade e potencial da Ribeira Sacra, afirmando: “É pequena en termos de superficie pero moi diversa en termos de posibilidades, con moita diversidade”. A súa visita ao territorio permitiulle superar prexuízos previos, descubriendo unha ampla variedade de viños. Ao respecto, sinalou: “Cando estás aquí, hai outra emoción (...) estar aquí cámbiache o padal (...) levas contigo a paisaxe e un sabor distinto” marcado pola tradición e o lugar.

Ademais, subliñou que o desafío na Ribeira Sacra non é vitícola, senón enolóxico, mencionando que grazas a ideas tanto locais como foráneas, atopou viños “con maior fineza pero reflectindo rusticidade ben traballada”. Para concluír, Hidalgo indicou que o reto futuro da Ribeira Sacra radica en construír unha imaxe sólida a nivel internacional. Dada a gran diversidade e a presenza de pequenos produtores, é crucial atopar unha identidade coa que a rexión poida presentarse ao mundo.

A visita de Joaquín Hidalgo á Ribeira Sacra non só destaca a calidade e a diversidade dos seus viños, senón tamén o compromiso da rexión coa tradición e a innovación enolóxica.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)